

Expediente núm.: 1832/2020

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral temporal para o Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM)

Categoría profesional: Asesor/a Xurídico

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Contratación de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM), na categoría profesional de (1) Asesor xurídico.

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun/ha (1) Asesor xurídico para a obra / servizo "Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM)", cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 30 de outubro de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 03 de novembro de 2020.

Vista a proposta de contratación do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

RESOLVO

Primeiro.- Contratar ó/á seguinte aspirante proposto polo Tribunal cualificador, e que superou as probas selectivas do proceso de selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun/ha (1) Asesor xurídico para a obra / servizo "Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM)", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

	APellidos e Nome	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSTGRADO	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS	PROBA DE GALEGO	TOTAL CONCURSO - OPOSICIÓN
1	Rodríguez Fernández, Begoña	2347	4,00	1,30	0,00	0,00	5,30	9,30	EXENTO	14,60
2	Fernández Rivero, María del Carmen	4788	3,61	2,00	0,00	0,00	5,61	8,70	EXENTO	14,31
3	Montero Fernández, Beatriz	5557	3,80	0,00	1,00	0,00	4,80	8,70	EXENTO	13,50

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 15/01/2021
HASH: 0673c44afcbcd1ff0db2e74dd2227ceaa



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 15/01/2021
HASH: 96650207e0e66567dcb8aae4c21851e168



RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2021-0026 Data: 15/01/2021



Cod. Validación: 67483A67KT35DMLAREAW2D33X | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

Segundo.- Contratar ó/a antedito/a aspirante para o período comprendido entre o 18 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021, para a obra / servizo “Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM)”, na categoría profesional de “Asesor xurídico (CIM)”, cos seguintes custos salariais:

PERSONAL CUALIFICADO DO CIM	TITULACIÓN ACADÉMICA	RETRIBUCIÓN BRUTAS ANUAIS (1)	GRUPO DE COTIZACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL ANUAL	CUSTO BRUTO ANUAL	TIPO XORNADA %
Asesor xurídico	Titulación de grao, ou equivalente, en Dereito	22.186,90	1	8411 A	32,60%	7.232,93	29.419,83	100 M

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Terceiro.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

Cuarto.- A queda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexeron a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 30 de outubro de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 03 de novembro de 2020 (artigo 12):

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSTGRADO	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS	PROBA DE GALEGO	TOTAL CONCURSO - OPOSICIÓN
1	Fernández Rivero, María del Carmen	4788	3,61	2,00	0,00	0,00	5,61	8,70	EXENTO	14,31
2	Montero Fernández, Beatriz	5557	3,80	0,00	1,00	0,00	4,80	8,70	EXENTO	13,50

Quinto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

Sexto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Sétimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2021-0026 Data: 15/01/2021



Cod. Validación: 67433A67K35DMLAREAW2D33X | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/> Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2021-0026 Data: 15/01/2021



Cod. Validación: 67433A67KT35DMLAFREAW2D38X | Corrección: <https://concellospereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSPublico | Páxina 3 a 3

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395